



## MANIFESTO DÍA DO ORGULLO

O 28 de xuño é unha xornada de memoria, orgullo e, sobre todo, de firme reivindicación. A Deputación da Coruña como institución integradora, representativa e defensora dos dereitos de toda a cidadanía galega, súmase un ano máis a esta conmemoración para reafirmar o seu compromiso inquebrantábel coas persoas lesbianas, gais, trans, bisexuais, intersexuais e queers. Facémolo, ademais, impulsando con orgullo a nosa campaña provincial "**Liberdade de ser e sentir**", unha iniciativa que tece redes cos nosos concellos e co tecido asociativo para espallar o respecto pola diversidade e a convivencia en cada recuncho do territorio.

Como institución pública, o noso deber é garantir que os 93 municipios da Coruña sexan espazos de liberdade e seguridade. Especialmente no noso medio rural e nas vilas medianas, onde a visibilización require dun apoio institucional decidido para construír redes de afecto, respecto e igualdade real.

Este ano, a nosa voz debe soar con máis forza e claridade ca nunca diante dunha realidade que nos interpela como sociedade: a necesidade de blindar os dereitos sociais e civís fundamentais. Os dereitos humanos non se negocian nin se revocan. Fronte a calquera discurso ou actitude que pretenda xustificar o retroceso, a discriminación ou a marxinación de miles de persoas, esta Deputación maniféstase como un espazo firme de protección democrática. Non imos dar nin un só paso atrás na conquista da igualdade.

Nesta xornada, facemos especial fincapé no noso compromiso transinclusivo. As persoas trans, e moi especialmente a mocidade e as mulleres trans, continúan a sufrir taxas preocupantes de exclusión laboral, incompreensión social e vulnerabilidade. Ningunha estratexia de división ou de prexuízo vai facer que quebrems os principios de solidariedade, dignidade e inclusión con este colectivo.

Así mesmo, manifestamos a nosa repulsa máis absoluta contra as violencias físicas, verbais e dixitais que seguen a sufrir as persoas LGBT+. Erradicar a LGBtfobia non é unha opción, é unha obriga democrática e de saúde social. Cómpre combater con firmeza a desinformación e os estigmas que ameazan a convivencia en paz.

Por todo isto, a Deputación da Coruña, de xeito unánime, comprométese a:

- **Garantir os dereitos conseguidos:** Defender o marco legislativo vixente que protexe e recoñece os dereitos LGBT+, rexeitando calquera iniciativa que busque recortar as liberdades públicas ou os dereitos civís. Só aceptamos avanzar nos dereitos.
- **Potenciar a campaña "Ser e Sentir":** Estender as accións de sensibilización, as propostas culturais e as ferramentas divulgativas desta campaña por toda provincia, amosando que a diversidade é un valor esencial que nos enriquece como sociedade.
- **Protexer as realidades trans:** Desenvolver e apoiar políticas públicas provinciais con perspectiva transinclusiva, garantindo o respecto á libre determinación da identidade e facilitando a súa plena inserción social e laboral.
- **Erradicar as violencias e a discriminación:** Colaborar activamente cos concellos e co tecido asociativo na prevención de calquera tipo de discriminación ou delito de odio, promovendo a creación de contornos seguros en toda a provincia.
- **Apoio ao tecido asociativo:** Fortalecer as axudas, as liñas de colaboración e os convenios coas entidades LGBT+ da Coruña, recoñecendo o seu papel fundamental como motor diario da transformación social e do coidado do colectivo.

A provincia da Coruña é e seguirá a ser unha terra diversa, acolledora e libre. Porque unha sociedade que protexe e celebra a diversidade é unha sociedade máis xusta, máis democrática e máis humana.

Por unha provincia con plena liberdade de ser e sentir, transinclusiva e sen medos.

